

ÉTICA

CIRCULAR 234

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO / FEBREIRO 2012

REGULACIÓN DA PSICOLOXÍA
NO ÁMBITO SANITARIO
ASEMBLEA DA SECCIÓN
DE PSICOLOXÍA XURÍDICA
FORMACIÓN GIPCE

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Ana Mª Fieira Nogareda

Vogal / Vogalía do Social



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 235 de marzo/abril de 2012,
e sairá a principios do mes de maio de 2012.

A información terá que ser remitida como data límite o 15
de abril de 2012, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos
terán que empezar a partir de xuño de 2012 inclusive.

5	Información Xeral
11	Información das Seccións
17	Últimos/as Colexiados/as de Galicia
18	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
20	Grupo de Tráfico e Seguridade
22	Comisión de Ética e Deontoloxía

Sobre o 8 de marzo

Máis de cen anos levan pasado desde a primeira vez que se considerou necesario marcar no calendario un día para reclamar a igualdade de dereitos e deberes para as mulleres; un día para marcar na nosa consciencia a necesidade de tratar ese tema, un día para mentalizar á sociedade enteira, e ao mundo sobre a situación de desigualdade e inxustiza, que sufría a muller naquela altura. Longos tempos teñen pasado pero continuamos nesa mesma necesidade...

As mulleres seguen sendo lapidadas, seguen sendo mutiladas, seguen sendo mal pagadas en comparación cos seus compañeiros homes; as mulleres seguen usando o seu tempo de xeito altruísta, seguen criando os meniños e meniñas, seguen coidando das súas persoas maiores e/ou enfermas e seguen deixándose a elas mesmas para o final da súa lista. Tal vez por estaren tan ocupadas nin perciben que seguen en situación de discriminación, laboral, social, económica, pois van ocupando só os lugares que nas áreas de produción o home vai deixando vacantes.

Non son moitas as mulleres que se atopan en cargos directivos, tal vez por eses lugares teren sido concibidos para os homes, e para elas, mulleres, resulta difícil esquecer aquela lista de prioridades, na que están os seus fillos, as súas fillas, os seus pais e nais, etc. antes de chegar a elas, e por iso a súa ambición non é o que as leva a ocupar eses postos; antes as levaría un sentido de responsabilidade social do que a súa ambición; nese mesmo tempo os homes van escalando pensando neles mesmos, pois eles si teñen aprendido a colocárense no número un da súa

lista de prioridades; porén, elas avanzan lentamente mentres continúan a levar encima da súa cabeza aquela lousa con todas as súas responsabilidades, que é tamén o que lle dá sentido á súa vida cotiá, facendo innecesario outros desexos e outras ambicións.

É complicado, a mudanza que se precisa é estrutural, é de toda a sociedade, de todas as mentes, pois é nas mentes onde se producen as ideas que reproducen o sistema, os sistemas, e iso parece que vai levar tempo; sobre todo vai levar máis tempo porque se ralentiza nunha etapa como a que atravesamos, na que a palabra 'crise' coloca os aspectos económicos no número un da lista e deixa os aspectos considerados sociais e culturais no fondo da lista ou incluso, fóra dela.

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2012.

PREMIO "DOLORES LLÓPIZ. PSICOLOXÍA E SOCIEDADE"

O vindeiro 12 de maio de 2012 celebraremos o encontro Achegas da Psicoloxía 2012 no Parador Conde de Gondomar (Arquitecto Valverde, s/n. 36300 Baiona. Pontevedra).

En breve enviarase a información pertinente aos colexiados e colexiadas.

AVISO

Desde o pasado 1 de xullo de 2011 unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, mantiveron unha reunión o 10 de xaneiro coa Decana da Facultade de Psicoloxía da USC, Carolina Tinajero Vacas, no que trataron temas de interese para ambas institucións como o Máster Xeral en Psicoloxía Sanitaria ou o Practicum.



Momento da reunión

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co Decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, Evaristo Nogueira Pol, mantiveron unha reunión o 12 de xaneiro coa Secretaria Xeral de Política Social da Xunta de Galicia, Coro Piñeiro Vázquez, para abordar as liñas do convenio de colaboración para desenvolver o programa de mediación intraxudicial.



Momento do acto

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da Festividade do patrón da Psicoloxía celebrados o 24 de febreiro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

En representación do Colexio

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto Memoria SERGAS: 20 anos de camiño, celebrado en Santiago de Compostela o 6 de febreiro e organizado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

A Coordinadora da Comisión Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, xunto coa Vogal da citada Comisión, M^a Luz Losada Somoza, asistiron o 27 de xaneiro á reunión do Grupo Sanitario de Emerxencias Exteriores de Galicia, convocado pola Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.



Ana Isabel Martínez Arranz



Mª Rosa Álvarez Prada

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2012, editada pola Unión Profesional de Galicia na que o COPG está integrado, que se celebrou en Santiago de Compostela o 28 de febreiro.

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos



Hipólito Puente Carracedo

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ás reunións da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebraron o 28 de xaneiro e o 17 e 18 de febreiro en Madrid.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, acudiron á reunión Extraordinaria da Junta General do Consejo General de COP, que se celebrou o 18 de febreiro en Madrid.



José Luis Domínguez Rey

O Vogal da Xunta de Gobierno e Coordinador da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión e sesión de traballo da Coordinadora da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos do Consejo General de COP, que se celebraron o 20 e 21 de xaneiro en Madrid.

Alegacións presentadas polo COPG

A instancias da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o COPG presentou as alegacións que se estimaron oportunas ao Anteproxecto de Lei de Inclusión Social de Galicia.

Recurso de reposición presentado polo COPG

O COPG interpuxo recurso de reposición contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Malpica de Bergantiños (A Coruña), mediante a que se aproban as bases de selección para a contratación dun Técnico/a de Igualdade como persoal laboral do Concello. O motivo do citado recurso é instar ao Concello a modificar as bases que regulan a citada convocatoria para que se inclúa a Titulación da Licenciatura en Psicoloxía ben como preferente sobre calquera outra ou ben con carácter exclusivo.

O COPG na Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia

O 24 de xaneiro tomou posesión a nova Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia da cal a Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, ostenta o cargo de Tesoureira.



Membros da Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Reunión cos terapeutas do programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero

O 28 de febreiro celebrouse na sede do COPG unha reunión informativa cos psicólogos e psicólogas habilitadas do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero que o COPG desenvolve en convenio coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia. Na devandita reunión falou-se do desenvolvemento do Programa (funcionamento, difusión e formación) e tamén se recolleron as suxestións que os e as asistentes plantexaron.

Reunión con psicólogos e psicólogas avaliadores de policía locais



Momento da reunión

Na sede do COPG celebrouse o 14 de febreiro unha xuntanza á que asistiron psicólogas e psicólogos que realizaron valoracións psicotécnicas en procesos de selección de Policía Local.

Na reunión fíxose un intercambio de información e valorouse a posibilidade de establecer e unificar criterios e protocolos de actuación ao respecto.

Sinatura dun convenio entre o COPG e Axencia de Marketing de Autónomos (AMA)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Axencia de Marketing de Autónomos (AMA) para ofrecer aos colexiados e colexiadas os seus servizos para a realización de campañas de marketing online, adaptadas ás necesidades de publicidade das consultas de Psicoloxía. Esta publicidade que realizará AMA para os psicólogos e psicólogas colexiadas, baséase na realización dunha páxina web na que se publicita a consulta de Psicoloxía, ademais da alta en directorios que favoreza o posicionamento en buscadores e asesoramento en contidos para dita páxina.



Momento da sinatura do convenio

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Formación

A Sección está traballando na programación dos vindeiros cursos que estarán centrados na práctica da psicoloxía clínica infanto-xuvenil. Querémosvos adiantar a seguinte información que poderedes atopar ampliada e actualizada no apartado de novas da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do Colexio www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=41:

- Curso “Psicoterapia en adolescentes”. Tense previsto celebrar no Hospital de Oza (A Coruña) os días 22 e 23 de xuño. Será impartido por **Valentín Escudero**, Profesor Titular na Universidade da Coruña, e coordinado por **Áurea Losada Quinteiros**, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- Curso “Violencia filio-parental”. As datas previstas para a súa celebración son o 19 e 20 de outubro en Vigo. Será impartido por **Manuel S. Lopo Lago**, Terapeuta no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do COPG e coordinado por **Rosa Cerqueiro Landín**, Secretaria da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- Curso “Medos, fobias e terrores infantís”. Será impartido en Pontevedra no mes de xaneiro de 2013 por **Teba Gulpide Laspalas** e **Raquel Espantoso San José**, ambas Psicólogas no Gabinete Agarimo de Pontevedra.

Grupo de Traballo en Psicoterapias

O Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico. Os interesados e interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora **María Soledad Filgueira Bouza** a través do seu correo electrónico MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es.

Revista oficial da Sección

Os Anuarios publicados ata o momento pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica na páxina web do COPG www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40. Nos vindeiros números haberá un apartado de casos clínicos. Querémosvos animar a que nos fagades chegar os vosos traballos para a súa publicación en formato word a través do correo electrónico do Colexio, indicando que vai dirixido ao **Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica**.

Regulación da Psicoloxía no ámbito sanitario

A Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública recolle na disposición adicional sétima a regulación da Psicoloxía no ámbito sanitario. As persoas interesadas poden consultar o seu contido a través do enlace que figura no apartado de lexislación da Sección de Psicoloxía Clínica na páxina web do Colexio www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=43.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

O día 29 de abril celébrase o Día Europeo da Solidariedade Interxeneracional e o ano 2012 estase a celebrar o Ano do Envellecemento Activo e Solidariedade Interxeneracional, sería desexable que a nosa labor profesional como profesionais da psicoloxía social chegara a todos os sectores da poboación non só como labor asistencial senón tamén no ámbito preventivo a favor dun envellecemento activo.

Galicia, como comunidade cun alto porcentaxe de envellecemento poboacional (un 23% da poboación maior de 65 anos)

AVISO

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio, deberedes aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

deberá potenciar e poñer en valor a todo este sector do que non podemos permitírnos o luxo de prescindir.

Desde a Sección de Psicoloxía da Intervención Social gustaríanos pensar que todos os profesionais da psicoloxía desde calquera ámbito de traballo estanse a facer eco e colaborando na idea de que un envellecemento activo non só é positivo senón que tamén é necesario tanto para a persoa que envellece como para a sociedade na que vive.

Envellecer significa estar vivo e iso conleva que o proxecto de vida persoal debe poder desenvolverse ata o fin da existencia.

Calquera achega, colaboración ou referencia procedente de calquera profesional da psicoloxía neste eido, xa sexa en forma de documentación, comunicación e/ou proposta de actividades, será benvida na Sección e tentaremos traballar xuntos nesta dirección.

Dentro das actividades programadas para este semestre, realizarase un curso o día 1 e 2 de xuño sobre proxectos de intervención social do que sairá convocatoria e programa na forma habitual do COPG.

Lembrarvos ademais que consideramos de interese para a profesión o “Informe do goberno para a avaliación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia” e tamén o “Libro do envellecemento activo” que ambos poden consultarse e descargarse desde a páxina web do IMSERSO www.imserso.es.

Ademais na páxina web do Colexio dentro do apartado de documentación da Sección de Psicoloxía da Intervención Social están dispoñibles novos documentos que pensamos poden ser útiles para o desenvolvemento da labor profesional.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Curso de mediación e xestión de conflitos

No Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, os días 14 e 28 de xaneiro e o 11 e 25 de febreiro, celebráronse as distintas sesións do curso sobre “Mediación e xestión de conflitos”, impartido por **Carlos Montes Piñeiro**, Profesor de Psicoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela; **Dámaso Rodríguez Fernández**, Profesor Titular de Psicoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela; e **Gonzalo Serrano Martínez**, Catedrático de Psicoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta acción de formación tivo como obxectivo dotar das competencias básicas necesarias para o exercicio profesional da mediación en diferentes contextos de intervención. A través de técnicas de dinamización grupal “role playing”, apoio audiovisual e traballo en equipo, abordáronse temas de comunicación asertiva, tipos de intervención e estratexias e tácticas de mediación. Podedes atopar toda a información do curso no enlace: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=630.



Momento do curso

Intrusismo e ética no ámbito de Recursos Humanos

O pasado 10 de marzo, celebrouse na sede do Colexio “PTO Encontro + café”, que debateu sobre o tema do intrusismo e ética no ámbito dos Recursos Humanos. Esta nova actividade iniciase co obxectivo de debater cuestións relativas a diversas



Momento do encontro

problemáticas nos ámbitos de actuación profesional e ofrece unha oportunidade para reflexionar e intercambiar opinións e elaborar propostas. O encontro foi coordinado por **José Luis Domínguez Rey**, coordinador da Sección de PTO do COPG e contou coa presenza de **Manuel Porto Nartallo**, Psicólogo Responsable de zona da empresa EUROFIRMS ETT S.L.U., **Manuel Pazos Riveiro**, Valedor dos/as colexiados/as e as membros da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, **Ana Díaz Vargas** e **Rocío García Calvo**.

Informacións

- Congreso Internacional de PTO
Braga. Portugal
12-13 de xullo de 2012.
Tema: Trabas, riscos psicosociais e saúde.
Información: www.congressos.facfil.eu
- “Conference on Knowledge, culture and change management”. Chicago, Illinois. USA
6-8 de xullo de 2012.
Tema: Organizacións, dirección e innovación.
Información: www.managementconference.com
- Master en psicoloxía do traballo e recursos humanos
Universidades: Barcelona, Bolonia, Brasília, Coimbra, Paris-Descartes, Quebec e Valencia.
Convocatoria: Becas.
Información: www.uv.es/masterwop

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Formación

Dentro da formación interna dirixida aos socios e socias da Sección, temos previsto celebrar un curso sobre test gráficos. En relación a formación externa, esperamos poder contar con **Vicente Ibáñez Valverde**, Psicólogo nos Xulgados de Familia de Madrid, para impartir un curso no mes de abril ou maio sobre a custodia compartida.

Asemblea de Socios e Socias

Por motivos alleos a Sección, a Asemblea de Socios e Socias tivo que ser aprazada, quedando prevista a súa data de celebración para o vindeiro 23 de marzo de 2012 na sede do COPG. Anímase aos Socios e Socias da Sección á asistencia, xa que se van tratar, entre outros temas, a posibilidade de modificar o Regulamento do listado de peritos/as e a posibilidade de levar adiante ao longo do 2012 o proceso de acreditación en psicoloxía forense. Remítiranse a todos os socios e socias previamente por correo electrónico os arquivos de ambas propostas para poder ser debatidas e se fose o caso aprobalas.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as Colexiados/as poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: "Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000".

**ÚLTIMOS/AS
COLEXIADOS/AS
DE GALICIA**

G-3079	Fariñas Lema, Cristina
G-3649	González Rodríguez, María Soledad
G-4504	Álvarez Carrera, Almudena
G-4505	Novo Sieira, Arturo
G-4506	Losada Díez, Olivia
G-4507	Conde-Corbal González, Cristina
G-4508	Piñeiro Mariño, María del Carmen
G-4509	Pendas Sánchez, María Luisa
G-4510	Portillo Encina, María Estela
G-4511	Vega Núñez, Lucía
G-4512	Castro Cereijo, Andrea
G-4513	Márquez Raña, Cristina
G-4514	García Permy, Mª Luisa
G-4515	de Souza, Samanta Eliza
G-4516	Lojo Seoane, Cristina
G-4517	Baña Domínguez, Andoni Guillermo
G-4518	Romero Terrones, Guillermo
G-4519	Constenla Mauriz, María Dolores
G-4520	Gómez Losada, Ángela
G-4521	Alonso Fernández, María Cintia
G-4522	Verísimo Fernández, Pablo Ricardo
G-4523	Roibas Polo, Nuria
G-4524	Lamas Arnejo, Romina
G-4525	Velázquez Durán, Minerva Carolina
G-4526	Dumitru, Adina Claudia
G-4527	Pérez Fidalgo, David
G-4528	Aboy Nieto, María
G-4529	Fernández Rodríguez, Lina
G-4530	Guimarey García, Olalla
G-4531	Parada Iglesias, María
G-4532	Pereda Salgado, Luisa María
G-4533	Fernández Caamaño, Sandra
G-4534	Montero Castaño, Araceli
G-4535	Alvarado de la Torre, Alicia
G-4536	Gómez Varela, Manuel Joaquín
G-4537	Ruiz Azcarate Casteleiro, María del Carmen
G-4538	Cuevas Fernández, Rosa Ana

Seminario práctico do Grupo de Gardas

O pasado 21 de xaneiro celebrouse na sede do Colexio o Seminario práctico do Grupo de Gardas do GIPCE. O obxectivo deste seminario foi valorar as actuacións levadas a cabo a nivel de coordinación nas distintas alertas e intervencións, tanto desde o punto de vista das Xefas de Garda como dos/as intervinientes. Ademais, abordouse os incidentes acontecidos durante as intervencións e alertas do ano 2011, e aproveitouse para informar ás Xefas de Garda sobre cuestións internas do Grupo.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**



Momento do seminario

Formación

▣ Curso “Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)”.

Tense previsto celebrar unha primeira edición deste curso os días 24 e 25 de abril nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública na Estrada. Estará destinado aos/as Licenciados/as en Psicoloxía e aos estudantes de 5º curso de psicoloxía. Terá unha duración de 15 horas e o límite de prazas é de 27 alumnos/as. Será impartido por **Elena Puertas López**

ANUNCIO

Alúgase despacho profesional a tempo parcial en Vigo. Moi céntrico, amplo e luminoso. Teléfono de contacto: 650 026 040. (María Ángeles).

e **Isabel Vera Navascués**, ambas Psicólogas da Dirección Xeral de Protección Civil. Estase a traballar para que se realice unha segunda edición do mesmo en vindeiras datas.

□ Formación na comunicación de malas novas.

Este curso celebrarase os días 13 e 14 de abril e será impartido por **Begoña Odrizola Farré**, Psicóloga Clínica en Barcelona.

Alertas e intervencións

Nos meses de decembro de 2011 e xaneiro de 2012 tivemos un total de 6 alertas sen intervención e unha intervención no mes de xaneiro na que interviron **Leonor Galiana Caballero** e **Carmen Patiño García**, actuando como Xefa de Garda **Isabel Cabado Fidalgo**.

Enlace ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) da páxina web do COPG:
www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203.



ASESORÍAS



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e a Seguridade

O pasado 26 de novembro de 2011 celebráronse as **II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e a Seguridade “As persoas, factor decisivo”** na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela. Contamos coa presenza, entre outros, de **Bartolomé Vargas Cabrera**, Fiscal Xeral do Estado para a Seguridade Viaria.

O obxectivo destas xornadas foi poñer punto nas persoas como factor decisivo na seguridade viaria, e en concreto, dar a coñecer ás autoridades o intenso traballo desenvolvido polo Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG ao longo destes últimos catro anos. Véxase como proba as catro comunicacións presentadas polos membros da Comisión do Grupo Tráfico e Seguridade.

A modo de conclusións, entre outras, destacamos a necesidade de desenvolver o programa PSICOVIAL, programa de intervención psicolóxica para condutores e conductoras reincidentes en infraccións de tráfico e seguridade viaria. O texto integro no cal se poden consultar as conclusións das Xornadas atoparédolo no seguinte enlace www.copgalicia.es/conclusions_II_Xornadas_Galegas_de_Psicoloxia_do_Trafico.pdf En canto as avaliacións destacar un promedio de calificación de “alto” en todos os aspectos. Recollemos as suxestións de mellora que nos aportastes e agradecemos o ánimo para seguir traballando para as vindeiras xornadas.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Momentos da Xornada

Xornadas de concienciación

A comezos do mes de decembro de 2011 rematamos cos últimos grupos de intervención con penados por delitos de tráfico en formato TBC.

Desta longa experiencia de tres anos, iniciada como proxecto pioneiro no 2009 en todo o Estado Español e no que segundo nos consta, foi baseado o programa TASEVAL; temos que concluír cunha valoración positiva en todos os aspectos: polos satisfactorios resultados dos/as asistentes, pola importante experiencia profesional dos compañeiros e compañeiras que interviñeron e pola importante consideración e transcendencia de todo o Grupo de Tráfico e Seguridade ante as máis altas instancias en temas relacionados coa seguridade viaria pois así nos foi trasladada directamente das autoridades asistentes ás



Momento da Xornada de Concienciación

II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade.

A necesidade desta experiencia fora plantexada como unha primeira fase indispensable e necesaria para demostrar o traballo dos psicólogos e psicólogas no ámbito do tráfico e a seguridade, sen perder de vista o obxectivo final: defender a necesidade de programas de intervención psicolóxica individualizada con reincidentes. Así se plantexou nas II Xornadas e no mesmo sentido foi resaltada na memoria final presentada pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Esperamos que o noso traballo ben feito e a experiencia específica en tráfico sexan tidos en conta polas autoridades competentes de cara a novas abordaxes no eido da reincidencia relacionada cos delitos de tráfico e a seguridade.

Informacións

Tal e como consta na páxina web do Colexio, a vindeira reunión do Grupo está prevista celebrarse o 21 de abril. Nesta reunión desenvolverase unha sesión formativa. Enviarase a convocatoria para a mesma ao longo do mes de marzo.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade Viaria da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123.

Aproveitando que este ano o lema do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é “POLA ÉTICA”, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG ponse á disposición das Seccións, Comisións e Grupos de Traballo do Colexio para colaborar en cantas actividades docentes se organicen desde as mesmas. A Comisión quere prestar especial atención a difundir entre os colexiados e as colexiadas o coñecemento do Código Deontolóxico e facilitar un exercicio ético e responsable da profesión. A idea é dedicar uns minutos –non máis de media hora– do tempo docente a comentar algún dos artigos do Código Deontolóxico que teñan especial relevancia para o tema de que trate cada curso. Non é necesario ter esta presenza en todos e cada un dos cursos, pero si nos que sexa posible e os organizadores e organizadoras o consideren oportuno. Con este fin podedes informarnos desde as Seccións, Comisións e Grupos de Traballo das actividades previstas ao longo do ano, das datas cando as teñades decidido e a vosa preferencia en canto á nosa participación. As peticións e propostas que recibamos, tratarémolas na Comisión e distribuírémonos o traballo entre os membros da Comisión de Ética e Deontoloxía e as súas colaboradoras e colaboradores. Por suposto, estamos abertos a calquera suxestión e proposta que nos fagades chegar desde as Seccións, Comisións ou Grupos de Traballo.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

**[www.copgalicia.es/
copgalicia.asp?id=1](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1)**

SERVIZOS A COLEXIADAS E COLEXIADOS

www.copgalicia.es

PUBLICACIÓNS

- ❑ Circular Informativa
- ❑ Cadernos de Psicoloxía
- ❑ Papeles del Psicólogo
- ❑ Infocop
- ❑ Memoria

PROFESIÓN

- ❑ Quenda Informes Periciais
- ❑ Privado. Solicitud atención psicólogos/as
- ❑ Publicidade
- ❑ Distribución de ofertas formativas

EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

FONDOS DOCUMENTAIS

- ❑ Servizo de biblioteca (COPG)
- ❑ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC
- ❑ PSICODOC

INTERNET

- ❑ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ❑ Páxina web do COPG

INFORSIGA

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

FORMACIÓN – EMPREGO

- ❑ Programa formativo anual COPG
- ❑ Información laboral
- ❑ Información de convocatorias de oposicións

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados/as de asesoría fiscal e xurídica

AXENCIA C&G VIAXES

- ❑ Desconto 5% en viaxes aos/as colexiados/as
- ❑ Fraccionamento na forma de pago

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- ❑ Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- ❑ Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

MAPFRE Caja Salud

- ❑ Seguro de Asistencia Sanitaria para colexiados/as e familias
- ❑ Seguro de vida/accidentes MAPFRE

INSTALACIÓNS DO COPG

- ❑ Disposición das instalacións do COPG para exposicións e actos

BOA ÉTICA

D.L.: C 264-2008

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos